

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL
DENOMINACIÓN: SOCORRISTAS PISCINA MUNICIPAL DE MURAS 2017

Primeiro.- NATUREZA E OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto da presente convocatoria é a selección polo sistema de concurso de dous socorristas (dos que polo menos un debe ser muller) para a prestación do servizo de socorrismo dende o día 23 de xuño ata 23 de setembro de 2017 na piscina descuberta do Concello de Muras, baixo a modalidade contractual de contrato temporal de duración determinada, unha a xornada completa de oito horas e outra parcial de catro horas e por quendas de luns a domingo.

Segunda.- REQUISITOS.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data de remate do prazo para a presentación das instancias:

- Ter cumpridos 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2207, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, sección socorrista en instalacións acuáticas, e ter o distintivo de socorrista regulado pola Orde de 14 de maio de 2012.
 - Estar en posesión dalgún dos seguintes:
 - Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, de 20 de maio.
 - Título de técnico deportivo en salvamento y socorrismo establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a tódalas unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento



que sesenvolve o Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

- Estar en posesión das capacidades funcionais para o desenvolvemento das tarefas.
- Non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou de calquera outra Institución xurídico-pública nin ter sido inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade, de conformidade co establecido nas Leis.

Terceira.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O Concello fará publicidade das presentes Bases por medio do Taboleiro de Anuncios da Corporación, na páxina web do Concello e solicitude de oferta de emprego nas oficinas do Inem. As solicitudes presentaranse no prazo de tres días hábiles, a partir da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Muras.

O modelo de solicitude será facilitado nas dependencias municipais e será presentada no rexistro xeral acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. cotexada
- Acreditación inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, sección socorrista en instalacións acuáticas, e copia do distintivo de socorrista.
- Fotocopia do título académico esixido cotexado
- Toda a documentación acreditativa dos méritos que poidan ser tidos en conta no concurso: copia dos contratos laborais, certificados de empresa dos mesmos e/ou informe de vida laboral.

Non serán admitidos ó proceso selectivo os aspirantes que non teñan presentado a documentación relacionada.

Cuarta.- VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL.

Coñecida a relación de candidatos, O Sr. Alcalde ditará Resolución determinando a constitución do tribunal de selección, así como o lugar e data da baremación dos méritos alegados polos aspirantes.



A publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, da puntuación obtida na fase de concurso, na que figurará a relación de aspirantes que deberán realizar tanto unha proba física coma unha entrevista persoal, servirá como notificación ós interesados que a deben realizar.

Quinta.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

1) Formación

- Título de bacharelato superior, FP II, ou equivalente, **4 puntos**.
- Título de diplomatura, **5 puntos**.
- Título de licenciatura ou grao universitario, **6 puntos**.

2) Experiencia

- a) Experiencia en traballos de Socorrista en Piscinas municipais ou de carácter público, **1 punto** por mes completo de servizo en calquera administración pública, con un máximo de 20 puntos.
- b) Experiencia en traballos de Socorrista en piscinas de carácter privado, **0,50 puntos** por mes completo de servizo con un máximo de 10 puntos.

3) Outros méritos.

Outros títulos acordados ó posto de traballo impartidos por Administracións públicas, Cruz Vermella, e demais entes públicos de recoñecida competencia (Cursos de primeiros auxilios, Cursos de reanimación Cardio-Pulmonar RCP, auxiliares e técnicos de enfermería, educación física...)

- Cursos de 50 a 100 horas: 1 punto
- Cursos de 101 a 200 horas: 2 puntos.
- Cursos de máis de 200 horas: 3 puntos.

En ningún caso os outros méritos poderán ter unha valoración superior a 4 puntos.

En caso de aportar a realización de varios cursos sobre unha mesma materia, unicamente se valorará o curso de maior puntuación aportado.

En caso de empate na fase de concurso, atenderase á maior experiencia, e de persistir, á maior titulación.

4) Probas físicas

Terán que realizar catro largos na piscina municipal simulando un salvamento no menor tempo posible.



O tempo puntuarase de maneira proporcional de tal xeito:

1º largo no menor dos tempos de todos os aspirantes: 5 puntos

O resto dos largos serán puntuados descontando aos cinco puntos 1 punto por cada tramo de 5 segundos

5) ENTREVISTA.

A entrevista só se fará a aqueles aspirantes que o tribunal determine segundo a base cuarta.

A entrevista terá como misión contratar a adecuación do perfil profesional e aptitudes dos aspirantes e as súas posibles iniciativas para o mellor desempeño das funcións do posto convocado.

Valorarase e comprobarase a aptitude, eficacia, iniciativa do aspirante con un máximo de 2 puntos. En calquera momento do proceso de selección poderase recabar formalmente dos interesados as aclaracións ou documentación adicional que se estime necesaria para a comprobación dos méritos, requisitos ou datos alegados, así como daqueles outros que se consideren precisos para unha correcta valoración.

Só se valorarán os méritos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, en ningún caso os xerados con posterioridade.

6).- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Alcalde designará mediante Resolución, o tribunal de selección.

O Tribunal de selección conformará a relación de aspirantes por orde de puntuación acadada, e elevará a mesma á Alcaldía-Presidencia coa proposta de nomeamento a favor de quen tivese acadado a maior puntuación.

Se o aspirante proposto non reunira os requisitos para ser nomeado ou non comparecera á toma de posesión, poderán ser nomeados os seguintes segundo a relación de aspirantes citada, seguindo o mesmo criterio se durante o período de contratación o servizo quedara vacante por parte do contratado.



O tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten en relación ás presentes Bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo.



ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

D, con D.N.I.
nº e domicilio a efectos de notificación
en
.....

EXPÓN:

PRIMEIRO, que á vista da convocatoria do Concello de Muras en relación coa convocatoria para a contratación mediante o sistema de Concurso de méritos de dúas prazas de Socorrista da Piscina Municipal de Muras conforme ás bases que se publican.

SEGUNDO, que cre reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitude.

TERCEIRO, que declara coñecer as bases da convocatoria.

CUARTO, que presenta a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do D.N.I.
- Acreditación inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, sección socorrista en instalacións acuáticas, e copia do distintivo de socorrista.
- Fotocopia cotexada do Título académico esixido.
- Toda a documentación acreditativa dos méritos que poidan ser tidos en conta no concurso: copia de contratos laborais, certificados de empresa dos mesmos e/ou informe de vida laboral, e copia compulsada dos certificados de asistencia ou diplomas dos cursos (cotexados).

Por iso,

SOLICITA

Que se admita esta solicitude para participar no proceso de selección de dúas prazas de socorrista da Piscina Municipal de Muras.

En, a de de 2017

O Solicitante

En Muras, a 16 de xuño de 2017

A Alcaldesa acctal. Belén Chao Ramil

